

## GOTAS DE AUGA SOBRE PEDRAS QUENTES



**Tít. orixinal:** *Gouttes d'eau sur pierres brûlantes*  
**Ano:** 1999  
**Duración:** 90 min.  
**País:** Francia  
**Dirección:** François Ozon  
**Guión:** François Ozon  
**Música:** Varios  
**Fotografía:** Jean Lapoirie  
**Reparto:** Bernard Giradeau, Ludivine Sagnier, Malik Zidi, Anna Thomson  
**Productora:** Fidélité Productions / Les Films Alain Sarde  
**Xénero:** drama  
**Non recomendada para menores de 18 anos**

**Sinopse:** Estructurada en catro actos e ambientada na tolerante Alemaña Federal dos anos 60, retrata a tóxica evolución da relación que se establece entre un home de 50 anos e un mozo de 19 que aínda non ten clara a súa tendencia sexual. O que comeza como un apaixonado romance acaba desmoronándose coa rutina e a vida en común, rematando na degeneración nunha relación desigual e destructiva.

## A destrución e o amor

por Alejandro del Pino (tomado de <http://www.cinestrenos.com/>)



Un único decorado, catro personaxes e o desexo honesto e valente de explorar as razóns que levan a persoas liberais e cultivadas a reproducir nas súas relacións íntimas os mecanismos de submisión e dominación da orde establecida. Este é o punto de partida de *Gotas de auga sobre pedras quentes*, a terceira longametraxe do francés François Ozon que recupera un texto escrito por Rainer Werner Fassbinder cando apenas tiña 19 anos.

Estructurada en catro actos e ambientada na tolerante Alemaña Federal dos anos 60, *Gotas de auga sobre pedras quentes* retrata a trágica evolución da relación que se establece entre un home de 50 anos (Bernard Giradeau) e un mozo de 19 (Malik Sidi) que aínda non ten clara a súa tendencia sexual. O que comeza como un apaixonado romance acaba esborrallándose coa rutina e a vida en común, e ó final dexenera nunha relación desigual e destructiva.

*Gotas de auga sobre pedras quentes* é un drama denso e ferinte no que, non embargante, hai certos momentos de inesperada comicidade. Unha obra profundamente pesimista pero apaixonada e vital, onde podemos atopar conexións coa mirada lúcida e desconcertante do teatro do absurdo de Samuel Beckett. O máis suxerinte do texto de Fassbinder, que logrou captar á perfección a película de François Ozon, é a súa capacidade de transcender a anécdota a partir dunha trama que funciona a un dobre nivel. *Gotas de auga sobre pedras quentes* describe o nacemento e o deterioro dunha parella meténdose na súa intimidade, pero tamén pode entenderse como unha metáfora dos mecanismos de sometemento e submisión que se establecen nas relacións humanas, dende as puramente políticas ás familiares e persoais.

A súa forte carga teatral e a economía de medios coa que foi rodada en vez de implicar un lastre outórganlle un carácter singular e danlle vigor dramático. Ademais Ozon sabe empregar con intelixencia e elegancia certos recursos estilísticos e levou a cabo unha obra repleta de matices visuais e tecida cun gran sentimento do ritmo cinematográfico. Pequenos pero significativos detalles fannos comprender que non estamos ante unha obra de teatro filmada, senón ante unha experiencia de cine en maiúsculas.

A acción desenvólvese sen fisuras, a partir dunha discreta pero complexa montaxe e unha extraordinaria dirección de autores. Dende o punto de vista formal, Ozon ofrece un poliédrico xogo de planos onde se roza o milagre de experimentar cos ángulos máis inverosímiles sen que o espectador se sinta abrumado. Deste modo Ozon Filma ós protagonistas dende diversas perspectivas (frontal, cenital, de costas...) e intercala imaxes dun lirismo estremecedor que poderían remitir a Edward Hooper pero reinterpretado dende unha óptica centroeuropea e claustrofóbica. Coma posible obxección, a brusquidade coa que se pasa dunha lóxica dramática e expresionista pero dentro dos límites do verosímil, a un tramo final que desborda calquera interpretación naturista.



*Gotas de auga sobre pedras quentes* é ante todo unha filme de personaxes, sobre quen recae de principio á fin o peso da historia. O francés Bernard Giradeau encarna con convicción e solidez a Leopold, o cincuentón tiránico e enfermizo que domina e escraviza ós seus amantes. Fronte a el, Malik Zidi (interpretando ó mozo Frand) que é capaz de aguantar o reto e pon en pe a unha personaxe que ten que afrontar decisións tráxicas a pesar de ter aínda reaccións dun neno. Coma protagonistas secundarios pero imprescindibles na resolución do drama, dúas personaxes femininas. Ludivine Sagnier, como a noiva de Franz que quere recuperalo e acaba atrapada nas garras do manipulador Leopold. E Anna Thomson (a protagonista de *Fast food, fast women*) no papel dunha ex amante de Leopold que nos remite á estética decadente e fatalista doutras filmes de Fassbinder.